

RESUMO

DO PROTOCOLO ANTE A COVID-19

PARA O CRD DE OURENSE NO CURSO 21-22

(Resumo versión 1.0 – 06/09/21)

Este resumo ten a intención de servir como forma de consulta e repaso rápido das cuestións máis relevantes do protocolo, mais non exime da necesidade da lectura, comprensión e asimilación do protocolo completo e do plan de continxencia para coñecer todos os aspectos que nel se recollen.

Medidas organizativas no CRD

No CRD existe un Equipo Covid que se encarga da coordinación e xestión de todas as tarefas e incidencias derivadas da pandemia de Covid-19. Ademais o centro está en estreito contacto e colaboración coas autoridades sanitarias mediante o seu centro de saúde de referencia e coas autoridades educativas mediante o aplicativo web EduCovid.

As comunicacións colectivas por parte do centro realizaranse pola páxina web propia e a aplicación móbil TokApp que todas as persoas residentes e traballadoras deberán ter instalada. Evitaranse na medida do posible as comunicacións en papel e os encontros presenciais. As comunicacións urxentes realizaranse de maneira preferente por vía telefónica.

Todos os espazos teñen sinalizado de xeito visible o aforo e ordenación dos fluxos de circulación, así como as restricións no seu uso e deberán de respectarse as normas de aplicación exclusivas para cada zona.

Existen dispensadores de xabón e portapanos desbotables en todos os cuartos de baño, ademais de dispensadores de solución hidroalcolica para as mans e puntos de desinfección para obxectos e superficies espallados por todo o centro.

Os trámites administrativos realizaranse con cita previa e evitando o intercambio de papel.

Non se permite o acceso ás instalacións do centro a ningunha persoa que non sexa persoal traballador, colaborador bolseiro, persoa residente ou usuaria do servizo de comedor ou persoal das empresas de servizos. Cada residente deberá facer uso da súa tarxeta de acceso persoal para proceder á entrada e saída do centro.

Non se permite a estancia e pernocta no centro residencial das persoas residentes que non teñan actividade lectiva presencial, independentemente do motivo de suspensión da mesma, e deberán abandonar o centro á maior brevidade posible e regresar ao domicilio familiar ata que se reanude dita actividade.

As entradas e saídas do centro realizaranse polas portas habilitadas en cada residencia segundo a pertenza do/a residente á mesma. Nelas existe sinalización que indica a marxe destinada á entrada e á saída.

A circulación polos corredores e escaleiras deberá realizarse respectando a sinalización da dirección dos fluxos, de maneira xeral circulando pola dereita. Cando non se poda manter a distancia de seguridade deberase ceder o paso cunha distancia prudencial.

Deben evitarse en todo momento as aglomeracións de persoas tanto no exterior coma no interior do centro.

Por norma xeral non se realizarán actividades nin eventos extraordinarios, que poidan conlevar reunións de grupos amplos de persoas nin compartir obxectos.

As empresas concesionarias do centro contan cuns protocolos propios de hixiene, limpeza e desinfección seguindo as indicacións das autoridades sanitarias.

Recoméndase encarecidamente a todas as persoas vinculadas ao centro a instalación e configuración da aplicación móbil RadarCovid (oficial, gratuíta e segura, sen recollida de datos nin xeolocalización, tan so require de manter acendido o bluetooth).

Corresponderá ás autoridades sanitarias e educativas, en función do número de casos e da súa vinculación, determinar medidas de illamento máis amplas ou o peche parcial ou total do centro.

Na medida do posible realizaranse sesións informativas e/ou campañas telemáticas que fomenten e manteñan a concienciación sobre os riscos da situación actual e a importancia das medidas de seguridade persoal e colectiva, e que serán de participación obrigatoria.

Medidas de prevención individuais

Débase manter como mínimo unha distancia interpersonal de seguridade de 1,5 metros.

É obrigatorio o uso de máscara en todos os espazos comúns do centro residencial, tanto pechados como ao aire libre, aínda que se poida manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Débase levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico, de xeito preferente de papel ou tea, para gardar a máscara que se está a usar en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Son excepcións á obriga de uso da máscara o momento de comer no comedor; nas habitacións, que só poderán utilizar as persoas que a compartan, e na práctica de deporte individual ao aire libre; ademais das persoas que por condicións de saúde particulares así se determine por un médico.

Ao tusir ou esberrar tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado, sempre sen retirar a máscara e arredándose do resto das persoas.

Débase lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante polo menos 40 segundos ou, no seu defecto, con solucións hidroalcolicas durante polo menos 20 segundos. O lavado realizarase obrigatoriedade á entrada e saída do centro, antes e despois de comer, ao entrar e saír do cuarto, antes e despois de estar nunha sala común e/ou usar material compartido ou susceptible de ser compartido, despois de tocar obxectos con posibilidade de estar contaminados, e sempre despois de tocar secrecións respiratorias ou de ir ao aseo.

Considérase pouco recomendable o uso de luvas pola falsa seguridade que pode transmitir.

Débase evitar tocar os ollos, o nariz e a boca xa que as mans facilitan a transmisión do virus.

Recoméndase que os panos desbotables empregados no lavado de mans e na etiqueta respiratoria así como outro material de hixiene persoal (máscaras desbotables, luvas...) se desboten nalgunha das papeleiras con bolsa, tapa e pedal que están repartidas polo centro.

Medidas de prevención colectiva

As persoas que compartan habitación e/ou baño conforman un grupo de convivencia estable que pode socializar sen ter que manter a distancia de interpersonal de forma estrita. No interior das habitacións e nos baños destas non será necesario o uso de máscara cando unicamente se atopen as persoas que se aloxen nos cuartos en cuestión. Estas dependencias deberán estar recollidas para facilitar a súa limpeza. Non se permite a entrada aos dormitorios de persoas que non sexan as que os teñen asignados, aínda que pertencen ao mesmo grupo de convivencia estable.

O aforo máximo dos aseos das zonas comúns, non vinculados aos dormitorios, está sinalizado e deberá ser respectado en todo momento. Persoal e residentes contan con aseos diferenciados.

Minimizarase o uso de equipos compartidos na medida do posible mais, cando sexa necesario facelo, en canto remate coa súa utilización deberá desinfectalos adecuadamente antes de que

os poida utilizar outra persoa. Os postos de uso compartido de biblioteca, sala de ordenadores e salas de estudo que poden ser utilizados están sinalizados e ao rematar o seu uso as persoas usuarias deberán hixienizar os postos que ocupasen e, de ser o caso, o medio tecnolóxico que utilizasen cos produtos facilitados no Punto de desinfección. Non poderán en ningún caso sentarse noutro tipo de mobiliario que non sexan cadeiras ou asentos.

Para o uso do comedor os residentes sentarán en postos fixos asignados por cuarto, polo que so poderán comer na mesma mesa os membros dun grupo de convivencia estable. As mesas dos distintos grupos están separadas o suficiente para garantir a distancia de seguridade.

A estancia no comedor limitarase o máximo posible ao tempo necesario para recoller a comida, inxerila e recoller a mesa. A máscara é de uso obrigatorio durante o tránsito polo comedor e so poderá retirarse unha vez sentado na mesa e durante a inxesta e gardarase dentro do estoxo.

Durante o servizo de comida, nos puntos de recollida desta, manterase a orde e a distancia de seguridade marcada no chan; así mesmo, respectarase en todo momento o aforo e a sinalización de fluxo de circulación (entrada e saída por portas diferentes).

Permitirase o uso dos microondas, tostadores e termos de leite dispoñibles, mais respectando as indicacións de manexo e hixiene, coma o lavado de mans, que os acompañarán.

Non se permite a realización de actividade física no interior do centro agás na sala de ximnasio e sempre seguindo escrupulosamente as indicacións. Si permitida a práctica de deporte ao aire libre no recinto exterior do CRD, sempre que sexa de maneira individual respectando unha distancia de seguridade de alomenos dous metros entre non convivintes e polo tanto sen contacto físico. O máximo de persoas que poden realizar actividade exterior nestas condicións e de xeito simultáneo é de 25 residentes. As excepcións para o uso da máscara na práctica deportiva no exterior así como a práctica de calquera outra actividade deportiva axustarase as normas específicas superiores.

Nos lavadoiros de uso das residentes, colocarase cartelería relativa ao aforo e instrucións de utilización que deberán respectarse, así como as de correcta hixienización das máscaras reutilizables.

Non está permitido o uso de xogos de mesa ou outros materiais semellantes que impliquen uso compartido.

Recoméndase evitar, na medida do posible, o uso de transporte compartido e/ou público. De facer uso del procurarase facelo extremando as medidas de precaución.

Fora do centro recoméndase evitar, na medida do posible, as reunións de grandes grupos de persoas mais alá do grupo de convivencia estable. Cando se realicen actividades sociais grupais recoméndase gardar a distancia de seguridade interpersoal e usar en todo momento máscara, así como procurar cumprir escrupulosamente as demais medidas de protección.

Incumprimentos e sancións

As condutas contrarias a esta normativa poderán ser corrixidas e sancionadas segundo a normativa de réxime interno segundo o establece a lexislación vixente.

Ademais, o incumprimento dos illamentos e corentenas así como a negativa a facilitar información sobre os contactos é sancionable segundo a lexislación vixente.

Detección, avaliación e xestión de casos

O centro conta cun Plan de continxencia específico para esta fin e as indicacións ao respecto do equipo COVID ou do persoal docente deberán respectarse escrupulosamente.

Ante a presenza de síntomas cando o/a residente se atope no domicilio non deberá acudir ao centro residencial nin ao centro de estudos mentres non de descarte a infección. Deberá poñerse en contacto co seu médico de atención primaria de referencia ou co PAC de garda. De

recomendarse illamento preventivo deberá ser comunicado ao centro e aportar xustificante médico.

Os/as residentes deberán **realizar ao comezo de cada día no seu cuarto a autoenquisa de síntomas compatibles coa Covid-19**. Ante a **detección de síntomas compatibles coa infección por Covid-19 (polo menos un)** deberán comunicarllo ao médico do centro, usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica e extremar as demais medidas de precaución.

Se os síntomas se presentasen estando no centro de estudos deberá comunicalo ao persoal docente para que procedan a actuar segundo o protocolo propio do centro.

Cando o/a afectado/a se atope no centro residencial non deberá acudir ao centro de estudos e comunicarao ao médico do centro, que valorará o caso e de consideralo sospeitoso de Covid-19 iniciárase o illamento obrigatorio nun cuarto da enfermaría durante o menor tempo posible, o indispensable ata a realización de test e/ou para marchar do centro e realizar o illamento preventivo no domicilio.

De acordarse co centro de saúde de referencia que o afectado se debe desprazar para a realización de test este non será acompañado en ningún caso por persoal do centro, debendo no caso de ser menor de idade facerse responsable o seu pai/nai/titor.

Os/as membros do grupo de convivencia estable do afectado, así como outros posibles contactos, serán informados de que deben procurar manter as maiores medidas de seguridade posibles e restrinxir as interaccións sociais ás mínimas indispensables, ata que se confirme ou descarte se se trata de Covid-19.

Unha vez descartada a infección por SARSCov-2 polas autoridades sanitarias, a persoa afectada poderá regresar ao centro aportando previamente certificación ao respecto e sempre que non presente síntomas. O médico do centro poderá indicar a necesidade de valoración pola súa parte antes de reincorporarse, así como de asinar unha declaración responsable.

Os/as residentes, atópense ou non no centro, deberán comunicar ao equipo COVID o antes posible, antes de 24 horas dende que teñan coñecemento, **se resultan positivas para Covid-19**, aportando certificación ao respecto, e non poderán acudir ao centro. Deberán usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica e extremar medidas de precaución. Se se atopasen no centro residencial, a estancia no cuarto de illamento será do menor tempo posible, o indispensable para marchar do centro para realizar a corentena domiciliaria. Deberá facilitar os datos daquelas persoas vinculadas ao centro coas que puidese ter mantido contacto estreito de risco. Poderán reincorporarse ao centro residencial cando así o certifiquen as autoridades sanitarias, debendo aportar previamente certificación e/ou asinar unha declaración responsable.

Os/as residentes, atópense ou non no centro, deberán comunicar ao equipo COVID o antes posible, antes de 24 horas dende que teñan coñecemento, **se mantiveron contacto cunha persoa que resultase positiva para Covid-19**, aportando certificación ao respecto, e non poderán acudir ao centro. Deberán usar de maneira inmediata e obrigatoria máscara cirúrxica e extremar medidas de precaución. Unha vez confirmada a condición de contacto, se se atopasen no centro residencial, a permanencia nel será do menor tempo posible, o indispensable ata a realización de test e/ou para marchar do centro para realizar a corentena domiciliaria, e sempre sen saír do cuarto de illamento. Poderán reincorporarse ao centro residencial cando así o certifiquen as autoridades sanitarias, debendo aportar previamente certificación e/ou asinar unha declaración responsable.

Consideraranse contactos estreitos de risco todas as persoas do grupo de convivencia estable dunha persoa residente que resultase positiva para SARSCov-2. Tamén aquelas outras persoas do seu núcleo de convivencia familiar e aquelas coas que estivese nos últimos días a menos de 2 metros e durante máis de 15 minutos acumulados en 24 horas, sendo o uso axeitado ou non da máscara un factor á hora de valorar o risco do contacto.